

I. Boullón Agrelo (2008): “*Antón, Sabela, Catuxa...* De como os hipocorísticos devesen en nomes”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 77-93.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ANTÓN, SABELA, CATUXA... DE COMO OS HIPOCORÍSTICOS DEVEÑEN EN NOMES

Ana Isabel Boullón Agrelo

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

A Tocho, que xa é Antón para case todos

Hipocorístico, variante formal, forma galega?

Os hipocorísticos son variantes formais dun prenome, que se usan en principio no ámbito familiar e adoitan ter orixe nos hábitos articulatorios da linguaxe infantil. Esténdense a tódolos ámbitos sociais, pero non situacionais, e, de feito, amais de restrinxirse o seu uso normalmente a un rexistro coloquial, moitas veces deixan de usarse cando o seu portador chega á idade adulta, ou utilízanse só por un círculo reducido, na intimidade familiar ou no contorno familiar máis próximo. Este uso restritivo dificulta en boa medida a confección dun elenco de formas, dado que non se adoitan atopar nos rexistros habituais de nomes, nin, desde logo, na relación oficial do Rexistro Civil. Por tanto, cómpre recorrer a fontes indirectas (traballos de campo específicos, necrolóxicas dos xornais, recollidas de literatura popular, etc.)¹.

Neste traballo enfócase a atención naquelas formas hipocorísticas que chegaron a adquiri-lo rango de nomes oficiais, entendendo por tal que se consignaron nos censos oficiais. A diferenza entre hipocorísticos e variantes de uso formal non está clara

1 Véxase unha relación máis exhaustiva das fontes, así como unha descrición dos procedementos formais para a formación dos hipocorísticos e datos históricos ó respecto en Boullón 2007b.

en tódolos casos, e máis nunha situación diglósica como é a galega, en que o rexistro formal da lingua estivo ocupado durante moito tempo por unha lingua distinta, o castelán. Por exemplo, diversos hipocorísticos foron considerados xa desde os tempos do rexurdimento idiomático como as formas galegas do nome correspondente, posiblemente por un certo afán diferencialista. O propio Saco, na súa *Gramática* (1868: 235-7), só indica propiamente como “diminutivos” *Perucho* e *Maruxa*, pois para o castelán *José*, por exemplo, propón como equivalentes *Pepe* e mais *Xepe*, *Catuxa* para *Catalina*, *Farruco* e *Fuco* para *Francisco*, ou *Chinto* para *Jacinto*. Estando a lingua galega asociada durante tanto tempo ó ámbito estritamente familiar ou rural, tampouco é de estrañar que estas formas, que eran as realmente usadas, fosen consideradas as autenticamente galegas. Así o parecen indicar varios dos primeiros testemuños do uso escrito da nosa lingua no séc. XIX, como Pardo de Andrade, que nos seus *Rogos dun galego*, en 1813, chámalle *Sabela* á raíña católica; ou Florencio Pol, en 1838, cando invoca a *Santa Catuxa*² ou Pintos (2006: 270) a *San Bastián*, en 1858-59. Nestes casos está claro que non se consideran variantes populares que nomean a aldeáns, posto que os personaxes ós que aluden fan evidente referencia ós máis altos estratos sociais ou relixiosos. Tampouco deixa de haber autores que distinguen entre as formas hipocorísticas e as formais, como Pintos (1853: 29) ou Alberto Camino (1896: 29), que falan de *Jan Antón de Figueirido* ou *Jan Raposo*, respectivamente, como personaxes populares, fronte a *San Joan*.

A conversión de hipocorísticos en nomes “formais”, isto é, aptos para a denominación oficial, só se puido dar a partir das sucesivas reformas dadas no Rexistro Civil español, que permitiron, primeiro, a utilización como formas oficiais das formas propiamente galegas (e as expresadas nas outras linguas minorizadas), e despois, limitando as restricións ós “nomes que obxectivamente prexudiquen a persoa, *así como os diminutivos ou variantes familiares e coloquiais que non alcanzasen substantividade*, os que fagan confusa a identificación e os que induzan no seu conxunto a erro en canto ó sexo” (Lei 40/1999, do 5 de novembro, artigo 2º; a cursiva é miña)³. A ambigüidade con que se expresa a lei ocasiona que, na práctica, a decisión de se un nome “alcanzou substantividade” ou non queda ó albur do funcionario que ten que decidir. Así, algunhas formas chegan ó Rexistro sen maior problema (como os que veremos no seguinte

2 *Espellos de Deputados*, texto de 1838 atribuído a Florencio Pol. Agradezo vivamente a Rosario Álvarez que me facilitase os textos que se van publicar co título *Papés d’emprensa condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846* no Consello da Cultura Galega en 2008, a cargo dun equipo interdisciplinar auspiciado pola Comisión Técnica de Prensa Histórica do Consello da Cultura Galega.

3 Para máis información desde unha perspectiva legal e abundantes exemplos da aplicación desta lei, véxase Villares Naveira (2007).

capítulo) e outras son obxecto de recursos para conseguilo (como pasou recentemente co nome *Pepe*)⁴.

Actualmente, o uso dos hipocorísticos constitúe unha das maneiras actuais de renova-lo corpus onomástico (véxase, por exemplo, DNG 1992: 31, ou Boullón 2007a: 106). A mudanza da consideración sociolingüística deste tipo de formas responde tamén a cambios sociais: hoxe, por exemplo, non é insólito que os hipocorísticos se utilicen tamén no ámbito laboral⁵. No que segue imos ver como estas variantes se foron incorporando ó elenco oficial dos nomes en Galicia.

Os hipocorísticos no Censo de 2002

O corpus tomado como referencia é o conxunto de persoas nadas desde o ano 1990 ata o 2002, segundo os datos tirados do Censo dese ano do Instituto Nacional de Estatística. Isto dáunos un total de 110.288 rapazas e 116.649 rapaces. Os datos dos nados desde principios do séc. XX proceden así mesmo deste listado.

O primeiro que comprobamos é que, como consecuencia da renovación onomástica producida nos últimos decenios, algúns dos nomes novos que se encontran no ranking dos preferidos son, precisamente, hipocorísticos⁶. Desde logo, hai unha grande diferenza entre o masculinos e os femininos, pois, como corresponde ó tradicional maior grao de conservadorismo da onomástica masculina, hai moitas menos variantes formais entre este grupo: nos femininos chega case ó 5% de tódalas ocorrencias, e nos masculinos apenas alcanza o 1%; de feito, nin paga a pena indicar o posto no ranking a partir do segundo dos indicados no gráfico 1, porque é inferior ó 270.

4 No recurso presentado ante a negativa do funcionario do Rexistro de inscribir este nome aduciuse, entre outras razóns, que se trata dun antigo nome, presente na antroponimia galega desde a Alta Idade Media, que incluso chegou a crear un patronímico, *Pepiz* (vid. Boullón 1999: 359-360, 2007b, Méndez Ferrín 2007: 87).

5 Como un coñecido xornalista radiofónico que atende profesionalmente por *Pichi*. De todas formas, este tipo de prácticas aínda pode levantar suspicacias: estes días un político galego queixábase de que se lle chamase don Paco del Riego ó intelectual galeguista, en vez de don Francisco. Seguramente ignoraba que esta é unha nominación moi usual para este ilustre personaxe: de feito, hai ata unha biografía del publicada con este título (*Paco del Riego*, Ed. do Cumio, 2002). En todo caso, a protesta ilustra a consideración social que teñen nalgúns ámbitos certos hipocorísticos.

6 Inclúense no reconto as formas compostas de cada nome (a maioría das femininas formadas con *María*), e indícanse as variantes gráficas.

GRÁFICO 1

Os hipocorísticos máis frecuentes no Censo de Galicia de 2002

	FEMININOS			MASCULINOS	
Posto no ranking	hipocorístico	nº de ocorrencias	Posto no ranking	Hipocorístico	nº de ocorrencias
18º	SANDRA	1410	52º	ANTÓN	589
19º	TANIA	1347	71º	ALEX	364
24º	LARA	112		SANDRO	29
37º	SABELA	697		XAQUIN	24
50º	SONIA	557		LINO	18
112º	RITA	148		TEO	13
	ANABEL	140		XAN	18
	MAITE, MAYTE	96		MANEL	11
	KATIA	76		LEO	10
	CARMELA	54		TITO	8
	LOLA	53		FRANCO	8
	MALENA	46		JOHNNY 5, JHONNY 3	8
	CATUXA	38		XANDRE	7
	MARISOL	29		ANDY	7
	MARUXA	26		BASTIAN	7
	MARIAN	26		FRAN	4
	XELA	21		XANDRO	3

Outro trazo remarcable é que, nalgúns casos, de entre os máis frecuentes, é posible que non se teña consciencia clara de que sexan hipocorísticos, por procederen de nomes estranxeiros: *Sandra* e *Sandro* corresponden á forma acurtada do italiano *Alessandra/o*, *Rita* ó tamén italiano *Margarita*, *Marlén* ó alemán *Maria Magdalene* e *Sonia*, *Tania*, *Lara* e *Katia* son os hipocorísticos rusos de *Sofía*, *Tatiana*, *Larisa* e *Catarina*, respectivamente. Son tamén de preferencia certos nomes vascos, como *Arantxa*/*Arancha*, *Maite* (tamén considerado acurtamente de *Mª Teresa*). Fóra destes, os máis habituais son formas hispánicas, comúns ó galego e ó castelán, como os formados por contracción de compostos, *Anabel* (de *Ana* + *Isabel*) e os moi frecuentes con *María*: *Mabel*, *Maribel* (con *Isabel*), *Malena* (con *Helena* ou contracción de *Magdalena*), *Marisol* (con *Sol*), *Marián* (con *Ana*), *Marisa* (con *Luisa*), *Maika* (con *Carme*), *Mariluz*, *Mariela*; outros son formas fixadas e moi coloquiais de certos nomes, como *Lola* (de *Dolores*), *Concha* (de *Concepción*), *Suso* (de *Xesús*), *Pepe* (de *Xosé*), *Quique* (de *Henrique*),

e tamén os hai que veñen directamente da influencia dos medios de comunicación (*Chabeli* < *Isabel*). No caso dos masculinos predominan os formados por acurtamento de formas, como *Álex, Franco/Fran, Max, Leo, Teo, Lino, Berto, Tino, Santi, Rai*. Nas formas españolas son frecuentes as que levan o sufixo *-ita/o*: *Anita, Lucita, Marita, Encarnita, Sito* (< *Xosé*), *Tita/-o* (de diversos nomes, como *Carme, Antón, Ricardo, Lourenzo...*), *Juanito*, e, nos femininos, compostos con *Mary* (*Mary Carmen, Mary Fe, Mary Jose, Mariángeles, Mariangely, Mariola*).

Os hipocorísticos de formas inglesas teñen unha certa presenza no corpus, máis en variedade (son unhas 40 formas) que en cantidade (103 ocorrencias en conxunto); e como ocorre habitualmente cos nomes ingleses (véxase Boullón 2007a: 108-9), caracterízanse pola variabilidade da súa ortografía (cítos ordenados por sexo e despois por orde de frecuencia): *Fanny/Fany, Sindy/Cindy/Sindi, Jenny/Jeny, Daisy/Deisy/Deicy, Angie, Mary/Mery/Meri, Nelly/Neli, Vicky, Cathy/Caty/Katy, Betty/Bety, Sandy, Jessy, Jhany, Andy, Johnny/Johnie/Jhonny, Dan, Danny/Dany, Jimmy, Billy, Charly, Tony*.

No caso dos nomes especificamente galegos constatámo-lo apuntado antes: trátase, na súa maior parte, de formas tradicionais que se conservaran na fala, usadas no ámbito familiar e coloquial, e que se acabaron considerando socialmente as equivalentes galegas de certos nomes: é o caso de *Antón, Sabela* (e unha variante fonética *Xabela*), *Catuxa* (cunha variante gráfica *Katuxa*), *Maruxa* (*María*), *Xela* (*Anxela*), *Nela* (*Manuela*), *Xonxa* (*Asunción*), *Xenxa* (*Inocencia*), *Xaquín/Xoquín, Xan, Fuco* (*Francisco*) e *Sidro* (outra forma que, procedente do grego *Isidoro*, corre por variante estándar); no caso de *Xandra* e *Xandre/Xandro* posiblemente influíu a altísima popularidade de *Sandra*. Finalmente, *Xavi* está formado polo sistema de acurtamento que se está impondo nos últimos tempos, con terminación en *-i* átono (vid Boullón 2007b: 36-37).

Dado que cada nome ten a súa propia historia, condicionada pola súa data de introdución, polo modo de difusión e polos hábitos onomásticos de moda en cada época, vaise exemplificar este proceso de conversión de hipocorísticos en nomes con tres casos: *Antón, Sabela* e *Catuxa*.

Antón

Deriva do latino *Antonius*, nome dunha *gens* romana, posiblemente de orixe etrusca (Schulze 1904: 124), e a súa vixencia medieval nas áreas cristiás debeuse á popularidade dun santo, santo Antón abade, nacido no séc. III en Exipto, considerado o fundador do ascetismo. Hai testemuños do seu uso na nosa Alta Idade Media

(*Antonius* a.920 TSobrado I 100), así como dalgúns derivados xa existentes tamén en latín⁷.

Da análise dos datos proporcionados polo CODOLGa e o TMILGa tírase que a forma plena é a única usada en textos latinos (*Antonius* e demais variantes casais)⁸, mentres que nos textos galegos a predominante é *Anton*⁹, que mesmo chegou a xerar un patronímico non rematado en *-ez* (*Fernando Anton* a.1332 CDOseira 1510, *Gonçalvo Anton* a.1414 CDValdefloresViveiro 363, a.1476 *Afonso Anton* CD-Vilourente 288), a cal chega a ter forma feminina ó concordar con nome de muller: *Maria Antoa* (a.1377 CDVilaourente 30); como patronímico, deixou o apelido *Antón*, que actualmente ten 1.485 ocorrencias en Galicia¹⁰. Por outro lado, as advocacións do santo (que tamén aparece como topónimo) son maioritariamente da forma breve (como en *Afonso Poobo de santo Anton* a.1410 DocTui 381 ou *Pero de Santo Anton* a.1433 MinutPontevedra 70), pois como *Santo Antonio* só aparece en dúas ocasións¹¹. A forma plena aparece na prosa histórica, nomeando a personaxes da *Crónica Troiana* (coa forma *Antonjos*), e por primeira vez nomeando a persoas reais en 1344 (*Iohan Antonio de Tavorda* DocTuiXII-XV 417), e a partir de aí foi aumentando o seu uso, aínda que a distancia de *Antón*; tamén hai transcrita a variante *Antoneo* (*Antoneo G(ome)s, clerigo reitor da igreia de Santiago* a.1487 CDTuiXV 352). A progresión dos usos respectivos, con regularización das grafías (*j/y*, etc.) pódese ver no gráfico nº 2.

7 *Antolina* a.920 TSobrado I 100, *Antonino* a.953 TCelanova 727, Centi *Antoniniz* a.1079 TSamos 269 = Centj *Antonianiz* a.[1038-1057] TSamos 273 (os datos medievais están tirados da base de datos da Sección de Onomástica do ILG, e subsidiariamente, do TMLG). Este derivado en *-INUS* deixou descendentes na toponimia: a parroquia de *Santo Antoíño de Bañas* (Vimianzo-Co), e os lugares *Santo Antoíño* (Baltar-Ou), *Santoíño* (Lugo) e *Santo Antonioño* (Barro-Po).


8 As máis antigas son *Antonius* no a.818 en Samos (DAstur 146-150), e na Catedral de Lugo no a.861 (DAstur 307-8); despois, no a.910 na CDGH 392-395, e neste mesmo século en TSobrado I 94-95, 100, TCelanova 128-131, no XI en CDMeira 415r-415v, e mais noutros que esporadicamente se seguen escribindo en latín ata o XV.

9 Este reconto non considera o número de formas que aparece no TMILGa, senón o dos personaxes así chamados. A advertencia é pertinente, posto que hai algúns personaxes que se repiten con moita frecuencia (o *meestre Antonio*, por exemplo, dos DocDevOurense, aparece ata 17 veces no séc. XV).

10 Moi por riba das formas con sufixo: *Antúnez* 437 e *Antunes* 92 (véxase a *Cartografía dos apelidos de Galicia*, en <http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>). Rexistramos só un antecedente altomedieval da forma sufixada: *Maria Antoniz* a.1163 TSobrado II 297.

11 a.1302 CDMaia 145 = DocDevOurense 59 e a.1432 LCPontevedra 54. Outra atestación, *Santo Antonio de Bayñas* a.1384 é un erro por *Santo Antoino* (a.1334 TToxosouts 703); *Santo Antoíño de Bañas* é o nome aínda hoxe dunha parroquia de Vimianzo (Co).

GRÁFICO 2
Antón / Antonio na Idade Media



A discreta revitalización do nome na baixa Idade Media¹² debeu ter que ver coa difusión do culto ó santo nacido en Lisboa e morto en Padua no s. XIII, que tiña souna xa en vida de milagreiro. Pero o seu éxito rotundo veu impulsado polos franciscanos, orde á que pertencía, e que motivou que se convertera nun dos máis frecuentes no s. XVIII, época en que resulta o segundo nome máis usado, cun 9% de tódolos masculinos¹³.

Esta confluencia onomástica produciu unha certa confusión entre o culto ós dous santos¹⁴, así que de maneira popular se creou unha certa especialización onomástica: para o abade a forma curta e para o de Lisboa a culta (de evidente introdución tardía, como demostra a non palatalización do grupo [nj]). De todas formas, a atestación da primeira é moito máis escasa nos rexistros escritos: cando o nome se difunde,

12 Os números do gráfico 2 corresponden só a 24 personaxes de *Antón* e 14 de *Antonio*. A forma feminina documéntase só unha vez: *Antonia* Gonçalvez a.1394(or.) CDRamirás 541.

13 Considerámolo só cando é nome único ou primeiro nome dun composto; en calquera posición resulta estar no 14,5% dos nomes masculinos. Os datos do XVIII son do Catastro de Ensenada (correspondentes a Tui, Santiago, A Coruña, Cabanas, Betanzos e Coristanco) e proceden da base de datos da Sección de Onomástica do ILG. Os rankings son de elaboración propia.

14 Como testemuña o refrán “San Antón o verdadeiro, o dezasete de xaneiro, que o san Antón de san Xoán éche o Antón mentirán”.

despois da Idade Media, non se documenta: nos catastros do XVIII nin unha vez, como tampouco nos rexistros parroquiais, tomando como referencia o de Berdoias (Lema 2006: CDRom 97-111). A situación en Galicia debeu ser moi semellante á constatada en Asturias:

Le destin suivi par *Antón* est parallèle à celui suivi par notre langue. Nous devons nous rappeler dans ce sens que la castellanisation documentaire aux Asturies commence au XIVe s. (à Léon précédemment) par le fait de l'expansionnisme politique des Trastamare castillans (la chancellerie épiscopale de l'évêque don Gutierre de Toledo à Oviedo à cette époque a été un foyer décisif de castillanisation) et elle est définitive au XVe s. À partir de ce moment l'asturien disparaît des documents officiels et il restera peu à peu relégué au domaine oral, ce qui est plus ou moins arrivé avec *Antón* (Cano / Torrente 2002: 37).


Efectivamente, para atestar formas curtas cómpre acudir ó refraneiro (vid. DNG 133-136), ós repertorios de alcumes, á toponimia¹⁵ ou ós textos onde se recolle a onomástica popular. Así, no *Coloquio* de Sarmiento (1746), onde menciona a *Antón de Domayo*, ou a *Parola de Cacheiras*, un de cuxos protagonistas é *Antón Terelo*, ou o Cancioneiro Popular de Pérez Ballesteros, onde tamén se recolle o feminino *Antona*¹⁶ (vid. Sánchez Rei 2006: 169). Pintos, pola súa parte, usa *Antón* (1853: 29) e mais *Antonio* (2006: 151), como nomes de dous aldeáns.

En xeral, a forma curta foi identificada coa forma galega, mentres que a longa, reservada ós textos oficiais, se debeu considerar como castelá. Consecuentemente, e dado que nos rexistros civís era obrigado consignar só a forma española, *Antón* só se comeza a rexistrar nas últimas décadas do séc. XX. Agora ben, da mesma maneira que a popularidade deste nome decae, comeza a aparecer con forza a forma acurtada, de maneira que no último dos períodos considerados, no 1990-2002, constitúe xa o 37% da suma de *Antón/Antonio*. E nos datos máis recentes dispoñibles, correspondentes ao ano 2005 (http://www.ige.eu/ga/demograficas/mnp/nomes_nacidos/2005_nenos.htm), está no rango 36 (superior ó establecido no período estudado, de 1990 a 2002, que era o 52°), superando en número a *Antonio*, cunha proporción do 63,08% da suma das dúas formas. No gráfico 3 apréciase o seu aumento de popularidade.

15 *Antóns* (As Neves-Po), *Os Antóns* (A Cortegada-Ou) e *Vilarantón*, en Navia de Suarna (Lu), xunto co haxiotopónimo: tres *Santo Antón* e dez *Santo Antonio* (vid. <http://www.xunta.es/toponimia>). Localizamos unha atestación medieval: “Pero de *Santantón*, morador en Brantoes”, a.1438 CDMens 41.

16 A forma *Antía*, que corre por feminino de *Antón* (ou de *Antonio*) non ten nada que ver con este nome, senón que vén do grego *Anthía* ‘florida’ (vid. DNG). Méndez Ferrín (2007) conta a historia da súa difusión en Galicia: o certo é que hoxe considérase nome especificamente galego, sen selo na súa orixe.

GRÁFICO 3
Antonio / Antón no censo de Galicia durante o séc. XX



Finalmente, é salientable a elevada cantidade de hipocorísticos que presentan estas dúas formas, pois rexistramos ata once distintos: *Andolas, Antucho, Tucho, Tito, To, Tocho, Tonecho, Toneco, Tono, Toño, Toñín, Toñico, Totó* (Boullón 2007b: 45), e mesmo unha, máis moderna, axustada ás últimas tendencias de formación hipocorística, con acurtamento da forma e desprazamento de acentuación: *Anto* (vid. Hafner 2004: 49, Boullón 2007b: 36-37).

Sabela

Este nome, que en última instancia provén do hebreo Elixeba, a través da variante grega *Elisábet* e a latina *Elisabet* (DNG s.v. *Sabela*), foi propagado pola tradición cristiá –pois era o da curmá da Virxe María–, e popularizado na Baixa Idade Media polo culto de dúas santas do séc. XIII, fillas dos reis de Hungría e Portugal, respectivamente. No seu éxito posterior tivo que influír que o levase a raíña Católica: de feito, no XVIII era o 8º nome en orde de preferencia, segundo os datos do Catastro de Ensenada. As referencias máis antigas localizadas na Idade Media proceden da tradución galega da Crónica de Castela (ms. de finais do século XIII, vid. Lorenzo 1975), facendo referencia a unha filla do rei Lois de Francia (1975: 406), e mais a unha das mulleres de Afonso VI (1040-1109), Zaida, a quen lle cambiaron o nome, como era habitual entre os árabes convertidos ó cristianismo:

quando a bautizarō, mandou el rrey que llj nō posesem nume Maria, por que elle nō queria preyto cō moller que ouuese assy nume, et poserōlle nume Ysabel (Lorenzo 1975: 478).

Neste texto, e nomeando outros personaxes, documéntase catro veces *Ysabela* (máis tres *Jsabela*) e tres *Ysabel*. Pero cando comeza a dar nome a mulleres reais en Galicia parece ser no séc. XV: atéstase a variante *Ysabel* por primeira vez en Lugo (a.1414 CDMaia 100), e escrito como *Isabel* en Santiago (a.1352 CDBelvisSantiago 428); despois vai aparecendo en diversas coleccións documentais do XV e XVI. A variante *Ysabela* está nun documento de Pontevedra (a.420 TCamiñoPont 57) e, sobre todo, en documentos de Noia do XV; curiosamente, nesta colección a única variante sen *-a* final está nun documento moi tardío, escrito en castelán, mesmo nomeando á mesma persoa:

Ysabela Rrodrig<e>s vosa moller [Francisco Gomes] a.1482(or.) DocNoia 128n°59, a.1487(or.) DocNoia 133n°61 = *Ysabel* Rrodrig[e] s su muger [Francisco Gomes de Giçamonde] a.1499(or.) DocNoia 148n°68

Aínda que creo que non se pode considerar *Isabel* como castelanismo (de feito, é forma corrente e antiga en portugués, e nos datos do TMILG é moi superior en número), non cabe dúbida de que a variante con *-a* final ten unha longa tradición: destes datos medievais podíase inferir xa unha certa tendencia a identificar como forma castelá a outra, pois é a que aparece nos textos escritos en español¹⁷. Esta tendencia parece verse confirmada nos textos do XIX: xa se mencionou antes como en 1813 Pardo de Andrade lle chamaba *Sabela* á raíña Católica; algo máis tarde, en 1846, Vicente Turnes escolle a mesma variante (mesmo co diminutivo, *Sabeliña*), para o nome doutra raíña, Isabel II (Dobarro Paz 2000), igual ca Pintos (2006: 221). Noutros textos da época nomea a personaxes populares, como na *Parola de Cacheiras* (1836) ou, co diminutivo, en textos poéticos de Alberto Camino (1896: 27) ou Pintos (1853: 29). Desde logo, non son as únicas formas: a variante que documentamos antes, no XVII, no entanto, é outra: Joseph Guerrero Lasso de la Vega chamáballe *donna Sabel* á raíña Católica, nun dos poemas das *Fiestas Minervales* (1697: 47). Por todos estes testemuños vese que nesta época a variante formal do nome non estaba fixada: na devandita *Parola de Cacheiras* vese esa duplicidade: *Sabela* é a paisana e *Ysabel* a raíña; por outra


17 Non era estraño, mesmo nos documentos medievais, que a antroponimia se axeitara á lingua en que estaba escrita. Ben vale de mostra un documento de finais do XV, en que o notario presenta diversas formas castelanizadas do seu propio nome cando escribía o documento en castelán: *García López das Camoyras* 1497, 1499, *García das Camoyras* 1498, *García de las Camoyras* 1498, *García de las Camueras* 1498 (Lorenzo 2005: 120).

banda, o mesmo autor, Manuel Fernández Magariños, nomea a raíña decimonónica co diminutivo *Isabeliña* en 1840¹⁸, mentres que noutro fragmento chámala varias veces *Sabela* (no *Álbum de la Caridad*, 186-7).

No que toca ó século XX, vese que a popularidade deste nome baixou aceleradamente desde os anos 60, coincidindo co auxe da considerada forma galega correspondente, ata tal punto que *Sabela* (que non se atesta ata a década de 1940) supera cuantitativamente a *Isabel* a partir de 1990; de feito, nos últimos datos ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística, das nenas nadas en 2005 (http://www.ige.eu/ga/demograficas/mnp/nomes_nacidos/2005_nenas.htm), *Sabela* foi o 25º en orde de frecuencia (en contraste co 37º da década anterior), e *Isabel* xa non está entre os 50 primeiros.

GRÁFICO 4

Isabel e Sabela no censo de Galicia durante a segunda metade do XX



Catuxa

A historia de *Catuxa* é diferente da anterior, posto que ocorre un truncamento do nome coa aparición do sufixo onomástico *-uxa*; isto distánciase máis foneticamente do nome do que procede, *Cataliña* ou *Catarina*. De orixe grega, *Ekaterine* difundíuse

18 *Numero un. Fuliada que fixo o labrador Seor Pedro porgresista, / dendes que soupo o pornunciamento dos puebros en / favor da libertade*. Santiago: Imprenta de Núñez, 1840. Cf. nota 2.

pola cristiandade polo latín *Catharina*, a partir dunha santa de Alexandría, mártir no ano 307, de quen a *Lenda dourada* de Giacomo della Voragine popularizou a devoción desde o séc. XIII; despois contribuiría á súa popularidade a santa de Siena (1347-1380). En Galicia foi un dos nomes máis frecuentes no séc. XV (vid. Boullón 2000), con diversas variantes gráficas que representan dúas formas principais, *Cataliña* e *Catalina*¹⁹, nunha proporción de 15 fronte a 96, respectivamente, segundo os datos do TMILGa. Ante a abundancia de formas con <n>, cómpre ter presente, por unha banda, que este grafema podía nesa época indicar tamén nasal palatal, que é o resultado fonético agardado, e, por outra banda, a heteroxeneidade dos criterios editoriais: o trazo por riba do *n* puido ser desenvolto como <nn>, <n> ou <ñ>, polo que a ocorrencia da palatal pode ser maior do que aparenta. Outras formas minoritarias teñen <r> ou <e>²⁰.

Dadas estas variantes medievais, a forma etimolóxica e tendo en conta ademais a pervivencia de *Cataliña* na toponimia e como advocación relixiosa²¹, semella razoable propor as tres como formas estándares (vid. DNG), aínda que a que parece máis tradicional, con *ñ*, non se atesta no Rexistro, como tampouco *Catriña*, a que escolle Pintos (1853, 2006: 188). Tamén debeu correr como forma galega *Caterina*, como parece indica-la súa certa vitalidade nas últimas décadas do século e que apareza en combinación con nomes inequivocamente galegos (como *Caterina Flavia*). Hai, desde logo, menos vacilación con respecto ó hipocorístico, *Catuxa*.

Esta forma mencionouna xa Sarmiento [1746] no seu *Coloquio (Catuxa do Mato)*; e, co diminutivo, *Catuxiña*, refírese o cura de Fruíme, en 1756, a D^a Catalina Garinverti y Cárdenas, mentres que a santa noméaa como “miña santa Cataliña” (Pardo de Neyra 2002: 170); así, dá a impresión de escoller esta como a variante formal do nome. Noutro lugar, o cancionero recollido por Pérez Ballesteros, a santa denomínase *Santa Catuxa* (Sánchez Rei 2006: 177); e Pintos (1845: 27) usa, parece que indistintamente no que respecta ó rexistro, e como dous nomes diferentes, *Catriña* (“a filla do cego”) e *Catuja* (a destinataria da carta que reproduce na foliada 2^a), aínda que para a santa de Alexandría escolle *santa Catriña* (Pintos 2006: 272). Nesta época,

19 A documentación máis antiga do ítem onomástico procede das *Cantigas de Santa María*, logo hai 11 do XIV (da que a primeira é *Catalina* a.1327(or.) CDOseira 1466), e 89 no XV. A máis antiga que se reproduce con palatal é *Cataliña* a.1365 CDTrasancos 23.

20 *Catarina* só unha vez nun documento escrito en latín (*Katarina* Valascij a.1496(or.) CDRamirás 610). A forma con *e* está xa nas *Cantigas de Santa María (Santa Catelinna)*, nun texto do XV (*Catelina* a.1499 CDSClodio 117) e noutro do XVI (*Caterina* a. 1516 DocDevOurense 117), como se ve no TMILG. A variante *Catelina* segue viva, alomenos en Cambados, segundo me informa Francisco Fernández Rei.


21 *Santa Cataliña* (Muros-C), *A Cataliña* (Salvaterra-P), *Santa Cataliña de Armada* (Santa Comba-C), *Santa Catelina* (Cortelle-Ou).

pois, o estatus desta forma parece vacilar entre o hipocorístico (reforzado co uso do diminutivo) e a variante formal (pois non outra se debía usar coa santa). Non é ata finais do XX cando se incorpora ó censo oficial.

Do éxito actual deste ítem onomástico dá fe o feito de que aparece en diversos idiomas e grafías: mencionamos antes os hipocorísticos *Katia*, *Cathy/Caty/Katy*, pero tamén hai *Catherin*, *Catherine*, *Cathia*, *Catrina*, *Katerin*, *Katerine*, *Katerina*, *Katharina*, *Katharine*, *Kathrin*, se ben todas elas con poucas ocorrencias, pois as formas hispánicas son moito máis numerosas. No que toca é evolución no tempo, *Catalina* é forma única ata a década de 1950, e experimenta o seu máximo auxe na de 1970, época en que se documenta por primeira vez *Catuxa*. A partir de aí, o seu declive vai acompañado do ascenso das outras formas galegas. É un exemplo máis de como se arriquece o corpus a partir do uso de variantes e hipocorísticos.

GRÁFICO 5

Catalina, Catarina, Caterina e Catuxa no censo de Galicia durante o séc. XX



Cabo

Nas últimas décadas produciuse un renovación do corpus onomástico dos galegos, producida polos cambios legislativos que permitiron utilizar outros nomes distintos ós que foran de orixe exclusivamente castelá e ós cambios sociolóxicos que posibilitaron, entre outras cousas, a busca de novas formas máis alá do santoral católico. Unha parte deses novos nomes procede de formas hipocorísticas dos nomes, que por primeira vez acceden a ocupar non só o uso cotián, senón tamén o ámbito oficial. Algúns deles son tomados de linguas estranxeiras, e por tanto non está moi presente a

idea hipocorística, diminutiva, cariñosa ou informal que de feito está tras ela (*Sandra, Tania, Lara, Sonia*). Pero noutros casos son formas definitivamente coloquiais (*Carmela, Catuxa, Marisol, Malena, Xan, Xaquín, Lola, Tito*), ou nomes que foron considerados como as correspondencias galegas dos homónimos casteláns (como *Sabela* e *Antón* con respecto a *Isabel* e *Antonio*). As últimas tendencias onomásticas parecen ir no sentido de aumenta-la presenza destes hipocorísticos, especialmente das formas especificamente galegas.

Bibliografía

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2000): “Galician female Names in the Middle Ages”, en Dieter Kremer (ed.): *Onomastik. Akten des 18. Internationalen Kongresses für Namenforschung. Trier, 12.-17. April 1993. Band II. Namensysteme im interkulturellen Vergleich*. Tübingen: Niemeyer, 122-135.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007a): “A escolla dos nomes en Galicia a finais do s. XX”, en Méndez / Navaza (eds.), 99-114.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007b): “*Farruco, Paco, Fran*: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia”, *Revista Galega de Filoloxía* 8, 11-56.
- Cano, Ana / Isabel Torrente (2002): “Dérivés de *Antonius* dans le domaine asturien-léonais”, en Dieter Kremer (ed.): *Akten des 18. Internationalen Kongresses für Namenforschung, Trier 12.-17. April 1993*. Tübingen: Max Niemeyer, 23-38.
- DNG = Ferro Ruibal, Xesús (dir.) / A. I. Boullón Agrelo / J. M. Lema / F. R. Tato Plaza / J. M. García (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Hafner, Ute (2004): *Namengebung und Namenverhalten im Spanien der 70er Jahre*. Tübingen: Max Niemeyer. *Patronymica Romanica* 21.
- Lorenzo, Ramón (2005): “Emerxencia e decacencia do galego escrito”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional. Santiago de Compostela, 16-20 setembro 1996*. Santiago: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. III, 27-154.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (2007): *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*. Vigo: Xerais.
- Méndez, Luz / Gonzalo Navaza (eds.) (2007): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega.
- Schulze, Wilhelm (1904): *Zur Geschichte lateinischer Eigennamen*. Berlin. [2ª ed. Berlin / Zürich / Dublin: Wiedmann, 1966].
- Villares Naveira, Luís (2007): “Aspectos legais sobre a imposición e o cambio dos nomes e apelidos”, en Méndez / Navaza (eds.), 353-361.

Fontes onomásticas dos ss. XVII-XIX

- Álbum de la caridad.* Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos. Edición costeadada por Don José Pascual López Cortón a cuyas expensas se celebraron dichos Juegos Florales. Coruña: Imp. del Hospicio provincial, 1862.
- Camino, Alberto (1896): *Poesías Gallegas*. La Coruña: A. Martínez Edit.
- Dobarro Paz, X. M. (2000): “Vicente Turnes e a poesía áulica”, in J. L. Rodríguez (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, 205-212.
- Fiestas Minervales, y aclamación perpetua de las Musas, a la inmortal memoria de el Ilustrissimo, y Excelentísimo señor D. Alonso de Fonseca el Grande por su Escuela y Universidad* Santiago de Compostela: Universidade, 1993. [Ed. facsímile da de 1697].
- Lema Suárez, Xosé M^a (2006): *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000). I. Os nomes masculinos*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica. [Inclúe un CDRom con fichas individualizadas dos 161 nomes masculinos principais de Berdoias].
- Pardo de Andrade, Manuel (1813): *Os rogos d’un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrirelles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector*. Coruña, á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitución. Caxa tipográfica del Diario.
- Pardo de Neyra, Xulio (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme: textos galegos de Zernadas y Castro [1702-1777]*. Santiago de Compostela: Edicións Laivento.
- Pintos, Juan Manuel (1853): *A gaita gallega*. Pontevedra: Imprenta de José y Primitivo Vilas. Facsímil: A Coruña: RAG, 1981.
- Pintos, Juan Manuel (2006): *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar*. Introducción, edición, notas e apéndice de M^a C. Ríos Panisse. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Parola de Cacheiras* [1836], en *Prosa galega 1. Desde os primeiros oitocentitas ao grupo Nós*. Cátedra de Lingüística e Literatura Galega. Universidade de Santiago, 1976, 61-63.
- Saco y Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imp. de Soto y Freire. Ourense: Graf. Tanco, 1967².
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros*. Ames (A Coruña): Laivento. [Publicado en 1885-1886].
- Sarmiento, Martín [1746]: *Coloquio en mil duascenas coplas galegas*. Facsímile do orixinal autógráfo. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición divulgativa, feita e anotada por Henrique Monteagudo: s.l.: La Voz de Galicia / Ed. Galaxia, 2002.

Fontes medievais

- CDBelvisSantiago = Rodríguez Núñez, Clara Cristela (1989): “Santa María de Belvis, un convento mendicante femenino en la Baja Edad Media”, *Estudios Mindonienses* 5, 335-485 = *El monasterio de dominicas de Belvis de Santiago de Compostela*. Ferrol.

- CDGH = López Ferreiro, Antonio (1901): *Colección diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica. Ed. facsímil: Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, 1998
- CDMaia = Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referència á situación do galego moderno)*. Coimbra: I.N.I.C.
- CDMeira = Domínguez Casal, María (1952): *El monasterio de santa María de Meira y su colección diplomática*. Tese de doutoramento (inérita). Universidad de Madrid.
- CDMens = Zapico Barbeito, Pilar (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens*. Noia: Toxosoutos, 2005.
- CDOseira = Romaní Martínez, Miguel (1989): *La colección diplomática de santa María de Oseira (1025-1310)*. 2 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións
- CDRamirás = Lucas Álvarez, Manuel / Pedro Pablo Lucas Domínguez (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Public. de Caixa Galicia.
- CDSClodio = Lucas Álvarez, Manuel / Pedro Pablo Lucas Domínguez (1996): *El monasterio de san Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudios y documentos*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro.
- CDTrasancos = Cal Pardo, Enrique (1984): *El monasterio de san Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. Colección documental*. A Coruña: Deputación Provincial.
- CDValdefloresViveiro = Manso Porto, Carmen (1991): “Convento de santa María de Valdeflores de Viveiro”, *Estudios Mindonienses* 7, 331-367.
- CDVilourente = Graña Cid, M. Mar (1990): “Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de san Martín de Villaoriente (1374-1500)”, *Estudios Mindonienses* 6, 13-464.
- CODOLGA = Corpus documentale latinum Gallaecia. <http://balteira.cirp.es/codolga/index.html>
- DAstur = Floriano Cumbreño, Antonio Cristino (1949/1951): *Diplomática española del período astur. Estudio de las fuentes documentales del reino de Asturias (718-910)*. 2 vols. Oviedo: Diputación Provincial / Instituto de Estudios Asturianos.
- DocAsadur = Duro Peña, Emilio (1973): “El monasterio de santa Marina de Asadur”, *Archivos Leoneses* 54, 309-353
- DocDevOurense = Ferro Couselo, Xesús (1996) [Edición facsímil da ed. de 1967]: *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia.
- DocNoia = Barreiro García, M. Carmen (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- DocTuiXII-XV = Portela Silva, Ermelindo (1975): *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV. Una sociedad en la expansión y en la crisis*. Separata de *Compostellanum* 20 = Santiago de Compostela: El Eco Franciscano, 1976

- DocTuiXV = Sánchez Carrera, M^a del Carmen (1997): *El Bajo Miño en el siglo XV. El espacio y los hombres*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- LCPontevedra = Rodríguez González, Ángel (1989): *Livro do Concello de Pontevedra (1431-1463)*. Pontevedra: Museo Provincial
- Lorenzo, Ramón (1975): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. I. Introducción, texto anotado e índice onomástico. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- MinutPontevedra = Rodríguez González, Ángel / José Armas Castro (1992): *Minutario notarial de Pontevedra (1433-1435)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega
- TCamiñoPontComesaña Martínez, M^a Ángela (1995): *O tombo do Hospital e Ermida de santa María do Camiño de Pontevedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra
- TCelanova = Sáez, Carlos / Emilio Sáez (1996/2000/2006): *Colección diplomática del monasterio de Celanova (842-1230)*. I: 842-942. II: 943-988. III: 989-1006. Madrid: Universidad de Alcalá.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://www.usc.es/ilgas/TMILG/>]. [Data de consulta: 05/12/2007].
- TSamos = Lucas Álvarez, Manuel (1986): *El tumbo de san Julián de Samos (siglos VIII-XII)*. Santiago de Compostela: Publicacións de Caixa Galicia.
- TSobrado = Loscertales de García Valdeavellano, M. Pilar (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. 2 vols. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Archivo Histórico Nacional.
- TToxosoutos = Pérez Rodríguez, Francisco Javier (ed.) (2004): *Os documentos do tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.